



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE  
E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

meteogalicia

*Informe climatolóxico ano 2018*

---

# **INFORME CLIMATOLÓXICO ANO 2018**



## ÍNDICE

<b>1</b>	<b>INTRODUCCIÓN</b> .....	<b>2</b>
<b>2</b>	<b>DESCRICIÓN DO ANO 2018 EN GALICIA POR MES</b> .....	<b>2</b>
2.1.	Xaneiro .....	2
2.2.	Febreiro .....	3
2.3.	Marzo.....	4
2.4.	Abril.....	5
2.5.	Maio .....	6
2.6.	Xuño.....	7
2.7.	Xullo.....	8
2.8.	Agosto .....	8
2.9.	Setembro.....	9
2.10.	Outubro .....	10
2.11.	Novembro .....	11
2.12.	Decembro.....	12
<b>3</b>	<b>DESCRICIÓN DA TEMPERATURA E PRECIPITACIÓN NO ANO 2018 EN GALICIA</b> ..	<b>13</b>
3.1.	Temperatura. ....	13
3.2.	Precipitación.....	15
<b>4</b>	<b>BALANCE DA TEMPERATURA E PRECIPITACIÓN NO ANO 2018 EN GALICIA</b> .....	<b>18</b>
4.1.	Temperatura. ....	27
4.2.	Precipitación.....	30
<b>5</b>	<b>Evolución histórica da temperatura e precipitación.</b> .....	<b>34</b>
5.1.	Evolución da temperatura media por mes .....	35
5.2.	Precipitación.....	35
5.3.	Evolución da precipitación por mes e diagrama de Termohietas .....	36
5.4.	Índice de Precipitación Estandariza (SPI – siglas en inglés).....	38

➤ **Data edición: 28/01/2020.** Corrixido mapa de anomalías de temperatura.



**Ano normal en canto á temperatura media, pero cálido nas mínimas e frío nas máximas. En canto á precipitación, ano húmido cun 11% por riba da media.**

## 1 INTRODUCCIÓN

Neste documento preséntanse unha descrición climatolóxica do ano 2018. Así, faise un resumo mensual dos aspectos máis destacados e analízanse os datos de temperatura e precipitación e a súa evolución no tempo, considerando o período de referencia 1981-2010.

Se falamos de temperatura media, enténdese por anomalía a diferenza entre a temperatura media deste ano e o valor climático obtido con respecto ó período de referencia 1981-2010. Para a variable precipitación enténdese por anomalía a porcentaxe da precipitación acumulada no ano respecto do valor da media climática correspondente. Así, mesmo o índice de precipitación estandarizada (SPI) que se presentará no punto 4.3, emprégase para identificar períodos húmidos e de secas ó longo do tempo.

A serie rexional empregada nos distintos cálculos consta de 11 estacións para a temperatura e 16 estacións para a precipitación distribuídas por toda Galicia.

Para os cálculos relativos aos valores medios do ano e nos períodos climáticos correspondentes, empregáronse en precipitación 16 estacións meteorolóxicas representativas. Mentres que para a temperaturas empregáronse 11 estacións de referencia para calcular os valores medios.

## 2 DESCRICIÓN DO ANO 2018 EN GALICIA POR MES.

### 2.1. Xaneiro

Tratouse dun mes tipicamente invernal, no que a circulación sobre Galicia foi moi zonal e achegou de forma sucesiva borrascas procedentes do Atlántico norte. A precipitación acumulada tivo un gran contraste entre localidades das provincias de Pontevedra e Lugo, e as de A Coruña e Ourense, que estiveron por riba e por debaixo do normal, respectivamente. Así, o conxunto da Comunidade rexistrou valores normais de precipitación.

En canto á temperatura media, presentou valores lixeiramente máis elevados que os agardados no período de referencia 1981-2010. A sucesión de borrascas tamén foron as responsables deste feito, xa que houbo un predominio de situacións de suroeste. A esta subida tamén contribuíron as elevadas temperaturas nas horas centrais do días, nas derradeiras semanas do mes de xaneiro.



A anomalía media da temperatura para este mes de xaneiro en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en once estacións meteorolóxicas representativas, foi de +0.7 °C, principalmente debido as elevadas temperaturas mínimas (cunha anomalía de +1.3 °C), e a normalidade nas máximas.

A precipitación, que para o conxunto da Comunidade foi normal, distribuíuse dunha forma moi homoxénea no tempo e cabe destacar que tan só as últimas 4 xornadas do mes tiveron unha marcada influencia anticiclónica, con tempo seco e solleiro.

A anomalía da precipitación observada na serie rexional, construída con 16 estacións meteorolóxicas, tan só foi dun 7% por riba do normal. Esta situación contrasta ca do ano 2017, que resultou seco, e cunha porcentaxe dun 62% por debaixo da media climática no período de referencia.

Entre as poucas entradas de aire frío, destacan as xornadas do 13 e o 14, onde os chuvascos foran en forma de neve por riba dos 1000 m, mentres que por debaixo desta cota, en moitos casos as precipitacións foron en forma de sarabia. Os días 1 e 10 acadáronse os maiores rexistros de vento do mes. En moitos puntos de Galicia os refachos de vento superaron os 70 km/h.

## **2.2. Febreiro**

O inverno finalizou cun mes de febreiro moi frío, con grandes contrastes na distribución da precipitación (moito máis chuvioso no terzo norte da Comunidade) e neve en cotas baixas. Houbo unha clara diferenza entre as condicións meteorolóxicas da primeira metade do mes e as da segunda. Así, nas dúas primeiras semanas predominou a inestabilidade atmosférica, no que destaca o período comprendido entre os días 12 e 16, co paso sucesivo de borrascas moi profundas, que deixaban en Galicia ventos e chuvia moi intensos, con situacións de temporal en moitas localidades. Especialmente, a xornada do día 13 combináronse vento, chuvia, neve e ondas no mar.

Na segunda parte do mes foron protagonistas as altas presións, e con temperaturas moi baixas para a época do ano. Esta estabilidade mudou de forma moi desfavorable para a Comunidade, nos dous últimos días do mes, pola confluencia dunha borrasca, que o servizo meteorolóxico portugués denominou “Enma” polos ventos fortes que xeraba, e o achegamento dunha masa de



aire frío continental que chegou na tarde-noite do 27. Isto deixou nas últimas horas do día 27 e na xornada do 28, nevaradas ao nivel do mar no litoral norte.

A anomalía media da temperatura para febreiro foi de  $-1.6$  °C, cualificándose como un mes moi frío. A isto contribuíron tanto as temperaturas mínimas (frío), como as máximas (moi frío). Deste xeito o mes de febreiro de 2018 foi o máis frío dos últimos 12 anos.

En canto ás precipitacións rexistradas, febreiro foi húmido con respecto ao período de referencia 1981-2010, con anomalías moi fortes en localidades de Lugo e A Coruña e un déficit significativo na provincia de Ourense, xa que ningún dos episodios que aportaron chuvia a Galicia, deixou chuvias destacables na zona sur oriental da Comunidade. Así, a porcentaxe de precipitación foi dun 18 % por riba do normal, cualificándose o mes como lixeiramente húmido. Observase un gran contraste cos dous febreiros anteriores, moito máis húmidos que este ano 2018.

A xornada máis ventosa do mes foi a do 13 de febreiro, na que se rexistraron refachos máximos de vento superiores aos 80 km/h en moitos puntos de Galicia e mesmo se superaron os 100 km/h nalgúns locais.

### **2.3. Marzo**

A primavera, comezou cun mes de marzo moi chuvioso e frío. A chegada de sucesivas borrascas moi profundas e consecutivas fixo que só en catro xornadas do mes non se emitisen avisos meteorolóxicos. Estas borrascas aportaron moita inestabilidade e aire frío, con precipitacións acumuladas que nalgúns puntos da metade leste de Galicia acadaron valores que superaron os rexistros históricos, e porcentaxes de precipitación de case un 400 % por riba do normal. As primeiras borrascas fixeron que durante as 7 primeiras xornadas do mes se desen avisos por vento, chuvia, neve e mesmo ondadas.

A primeira borrasca denominada “Félix”, afectou a Galicia nas xornadas do 9 ao 11, con fortes ventos e intensas chuvias, que se fixeron persistentes. Destaca o aviso vermello emitido por mar combinada con ondas de máis de 8 metros de altura. Na xornada do 14 chegou “Gisele”, que tamén fixo que ata o día 17 se emitisen avisos por chuvia, vento e ondas. O día 23, outra borrasca, “Hugo”, deixou fortes ventos e chuvias intensas en toda Galicia, emitíndose de novo no día 24 un aviso vermello no mar, volvéndose a superar alturas de onda de 8 metros. Ademais houbo chuvascos en forma de neve, que caeron en cotas baixas. A cota de neve foi



baixando ca conseguinte baixada das temperaturas, que fixeron que xa nas xornadas do 29 e o 30, houbera problemas en moitas localidades polo xeo, sarabia e a neve.

As temperaturas medias estiveron moi por debaixo do agardado nun mes de marzo. Así, a anomalía media da temperatura para este mes de marzo en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en once estacións meteorolóxicas representativas, foi de  $-2.33\text{ }^{\circ}\text{C}$ , o que fai que o mes poida considerarse no conxunto de Galicia como moi frío, sendo o máis frío dos últimos 34 anos. Cabe destacar neste caso, que para as temperaturas máximas o mes resultou extremadamente frío, igualándose a efeméride histórica do ano 1975, considerando a serie dende o ano 1961. As mínimas tamén presentaron unha anomalía negativa, pero cualificáronse como moi frías, co antecedente máis próximo no ano 2009.

As cuantiosas precipitacións rexistradas e o elevado número de días de chuvia ( $\geq 1\text{ L/m}^2$ ), debido a chegada consecutiva de todas as borrascas consecutivas que afectaron á Comunidade, fixeron que de forma xeneralizada os valores mensuais estivesen moi por encima do percentil 95 no período de referencia 1981-2010, para a chuvia. Ademais, nalgúns locais se superaron os valores históricos da serie en 2001. Así, a anomalía de precipitación para o conxunto da serie rexional galega, obtida a partir de dezaseis estacións meteorolóxicas representativas foi un 262 % por riba do normal. Resultando o segundo ano máis húmido da serie, superado tan só polo ano 2001.

Estas borrascas, tamén foron as responsables dos fortes refachos de vento que superaron os 100 km/h en moitas xornadas e localidades. Pero ademais hai que considerar que non só destacou en xeral pola intensidade senón pola persistencia dos mesmos.

#### **2.4. Abril**

Abril foi un mes húmido e con temperaturas normais e destacou pola gran variabilidade nas situacións meteorolóxicas que afectaron á nosa Comunidade. Na primeira metade do mes, o tempo foi máis propio do inverno, con chuvias intensas e temperaturas baixas. Pero xa na segunda metade, acadáronse temperaturas máis cálidas, aínda que as últimas dúas xornadas do mes foron máis parecidas aos comezos. Esta variabilidade apréciase principalmente nas precipitacións, que xa na primeira quincena presentaban valores acumulados por riba dos normais.

A compensación das baixas temperaturas na primeira metade do mes, cas relativamente altas rexistradas na segunda metade, fixeron que a anomalía de temperatura media para a serie



rexional galega, fose de tan só + 0.39 °C, cualificándose o mes como cálido, pero moi preto da normalidade. Pero este comportamento non é homoxéneo ao longo de todo o territorio galego. Así, no leste e terzo norte de Galicia presentou unha anomalía positiva de aproximadamente 2 °C, resultando cálido, mentres que pola contra, no oeste, nas Rías de Muros e Noia, as anomalías eran negativas, e se aproximaban a case 1° C por debaixo do valor climatolóxico normal. Tanto as máximas como as mínimas presentaron anomalías positivas moi baixas, de xeito que en tódolos casos, o precedente máis próximo da serie histórica dérase no ano 2016 (lixeramente máis frío).

A persistencia de borrascas moi activas nas primeiras dúas semanas de abril fixeron que os valores de precipitación acumulados resultasen de forma xeneralizada con valores superiores aos normais, con grandes contrastes entre distintas zonas xeográficas (exemplo: Baixa Limia un 200 % por riba do normal, e Comarca de Ortegal e Ferrol cun 55% por debaixo do normal nun mes de abril).

Así, a anomalía media das precipitacións en abril en Galicia, obtida a partir das anomalías das estacións meteorolóxicas que compoñen a serie rexional, foi un 31 % máis alta que o valor climático normal, cualificándose así o mes como húmido, atopando novamente o precedente máis próximo no ano 2016, cunha anomalía similar.

As primeiras xornadas do mes, foron moi ventosas, pero destacou especialmente o 3 de Abril, no que en moitas localidades se superaron os 100 km/h, e os ventos foron en xeral de intensidade forte.

## **2.5. Maio**

A primavera, rematou cun mes de maio moi seco, mentres que as temperaturas foron normais, aínda que con valores moi heteroxéneos ao longo do territorio galego. A variabilidade nas situacións meteorolóxicas que afectaron á Comunidade foi novamente moi elevada, con grandes variacións entre períodos cálidos e secos e fríos e chuviosos. Pero en xeral, aínda que nas xornadas de chuvia a distribución espacial foi xeneralizada, as cantidades non foron moi cuantiosas. Sen embargo, foron abundantes as tormentas pola tarde nas zonas máis altas da provincia de Lugo, o que se reflicte nunha cantidade de precipitación acumulada superior a climática no período de referencia 1981-2010 nas mesmas. A pesar dos cambios bruscos entre as distintas situacións que afectaron a Galicia, na que presentáronse períodos fríos ao principio e metade do mes e cálidos cando a influencia era anticiclónica, as temperaturas estiveron en



xeral moi preto da normalidade. Unha ilustración desta variabilidade atopámola por exemplo, na cidade de Ourense, con 8 días no mes no que non se acadaron os 29 °C e 7 días do mesmo, no que as temperaturas foron máis altas que este valor.

A anomalía media de temperatura obtida a partir de 11 estacións meteorolóxicas representativas foi dun 0.4 °C por riba do normal, cualificándose o mes no conxunto de Galicia como normal.

Sen embargo, a porcentaxe de precipitación media na serie rexional galega foi dun 50 % por debaixo do normal, considerándose o mes moi seco e co seu precedente máis próximo no ano 2011.

En canto ao vento, destacaron as primeiras xornadas do mes, pero especialmente o día 12, no que se rexistraron ventos de moderados a fortes en moitas localidades.

## **2.6. Xuño**

O verán comezou cun mes de xuño moi húmido e no que as temperaturas máximas foron en xeral baixas, as mínimas pola contra foron elevadas. As diferentes situacións meteorolóxicas que afectaron a Galicia deron lugar a unha primeira quincena na que as borrascas deixaron moita chuvia e temperaturas baixas. Sen embargo na segunda quincena a situación mudou completamente. De feito houbo varias xornadas de temperaturas máximas extremas. A compensación das temperaturas altas e baixas rexistradas ao longo do mes fixo que a temperatura media mensual se achegase moito á normalidade. As chuvias sen embargo, estiveron por enriba do normal nun mes de xuño, con respecto ao período de referencia 1981-2010. A intensas chuvias dos 10 primeiros días e as treboadas das dúas últimas xornadas do mes fixeron que este se cualificase como moi húmido. O día 30 foi o día do ano con máis raios rexistrados sobre Galicia (5.954).

A anomalía media da temperatura para este mes de xuño en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en once estacións meteorolóxicas representativas, foi de +0.12 °C, o que fai que o mes poida considerarse no conxunto de Galicia como normal, se ben o mes atendendo á temperatura mínima resultou moi cálido e, atendendo ás temperaturas máximas, frío.

Coa precipitación acumulada nos primeiros 11 días deste mes de xuño, xa se acadara o valor climático normal para esta variable. Se a isto engadimos as chuvias rexistradas nos últimos días do mes, nas que as treboadas foron as protagonistas nalgúñas localidades, os rexistros foron o dobre do normal. O precedente máis próximo con valores similares foi o ano 2007.





As xornadas máis ventosas deste mes, déronse nos últimos días, con ventos entre moderados e fortes.

## **2.7. Xullo**

O mes de xullo presentou tendencia xeral a clasificarse como húmido e cálido. Novamente, houbo unha alta variabilidade nas situacións meteorolóxicas que afectaron á Comunidade. Nesta estación do ano deberían predominar situacións anticiclónicas, sen embargo, foron máis frecuentes as configuracións con influencia das baixas presións atlánticas, aire frío en altura e anticiclón dos Azores debilitado. As treboadas neste mes foron especialmente, como a do sábado 7 de xullo no concello de Xunqueira de Espadefío, onde a tromba de auga ocasionou moitas incidencias. As temperaturas máximas neste mes foron bastante baixas, pola contra, os amencerres con moita nebulosidade fixeron que se rexistrasen mínimas moi elevadas para esta época do ano.

A anomalía da temperatura media para este mes de xullo en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en once estacións meteorolóxicas representativas, foi de + 0.32 °C, o que fai que o mes se cualificase como lixeiramente cálido. Isto debeuse á compensación entre as máximas (frías) e as mínimas (moi cálidas). Así, para obter unha anomalía positiva inferior á deste ano, temos que ir a o ano 2014.

As precipitacións estiveron algo por riba do normal en xullo, principalmente no litoral nas primeiras e últimas xornadas do mes. No interior, a precipitación tivo a súa orixe nos fenómenos tormentosos que afectaron á Comunidade, principalmente na primeira quincena do mes. Isto fixo que a distribución xeográfica da chuvia fose moi heteroxénea. Así, no conxunto de Galicia, cunha porcentaxe de precipitación dun 24 % por riba do normal, fai que o mes se considere húmido, co precedente máis próximo tamén no ano 2014.

As xornadas de principio e final de mes tamén foron as máis ventosas, con refachos máximos de vento entre moderados e fortes nalgunhas localidades.

## **2.8. Agosto**

O verán rematou cun mes de agosto totalmente estival, que se caracterizou como moi cálido e moi seco. Así, as situacións máis frecuentes foron as de chegadas de aire moi cálido, de orixe africano nalgúns casos. De feito, tan só unha fronte conseguiu superar o bloqueo anticiclónico característico do mes, resultando un mes moi seco en Galicia. Estas entradas de aire cálido



fixeron que en moitas localidades se superasen valores que aínda nas últimas horas da tarde non baixaban dos 30 °C. Unha ilustración disto atopámola en estacións meteorolóxicas coma Santiago de Compostela con 10 días con máximas por riba dos 30 °C ou Ourense con 12 días por riba dos 35 °C. Tamén en localidades do sur da Comunidade houbo moitos días nos que se superaron os 40 °C e nos que as temperaturas nocturnas non baixaban dos 20 °C (noites tropicais). Ademais, acadáronse rexistros históricos de temperatura máxima absoluta nalgunhas localidades galegas.

As anomalía de temperatura media estivo por riba dos valores normais nun mes de agosto, cun valor de +1.7 °C, cualificándose o mes como moi cálido. A anomalía de temperatura máxima neste caso acadou para a serie rexional galega o valor máis alto da serie (mes extremadamente cálido), a as mínimas foron cálidas, tamén por enriba do valor climático normal, aínda que moito menor que o das máximas. Cabe destacar que agosto resultou o terceiro máis cálido da serie, tan só superado polos anos 1998 e 2003.

En canto á precipitación acumulada, só destacou a xornada do día 8, con precipitacións máis intensas na metade norte. O resto das chuvias rexistradas nas estacións meteorolóxicas, debéronse principalmente ás treboadas e foron moi locais, destacando especialmente a xornada do 28. Así, a porcentaxe de precipitación para a serie rexional galega foi dun 65 % por debaixo do normal, cualificándose o mes como moi seco, sen embargo, 2013 foi aínda máis seco que este 2018.

As xornadas máis ventosas, foron as do 17 e o 18 do mes.

## **2.9. Setembro**

Setembro (xa na estación de outono, dende o punto de vista climatolóxico) presentou características similares ao mes precedente, e cualifícase tamén como moi cálido e moi seco. O predominio das altas presións situadas ao norte da península Ibérica, bloqueando as borrascas e fronteas asociadas, fixo que a estabilidade atmosférica fora a característica máis significativa en Galicia neste mes. Isto provocou que a anomalía na precipitación fose moito máis marcada na metade oeste da Comunidade, con porcentaxes de precipitación extremadamente baixas. De feito, en moitas localidades a precipitación mensual rexistrada foi nula. Como exemplo, en Santiago de Compostela, acadouse o mínimo histórica da serie con tan só 1 L/m<sup>2</sup>. O leste da Comunidade non resultou tan seco por mor das precipitacións rexistradas asociadas a treboadas, que afectaron principalmente ás provincias de Lugo e Ourense. Así, o día 8 de



setembro detectáronse case 3500 raios en Galicia. Outra feito notable neste mes foi o paso do que fora o furacán “Helen”, que se moveu diagonalmente polo Atlántico cara Irlanda. Sobre Galicia a repercusión foi moi pequena, aínda que conseguiu que os ventos foran do sur, co conseguinte aumento da nebulosidade, lixeiro descenso das temperaturas e algunhas chuvias febles no oeste da Comunidade na xornada do 18. Na temperatura tamén acadáronse valores significativos nalgunhas localidades, como por exemplo Ourense, co rexistro de temperatura media das máximas máis alto da serie histórica.

A anomalía da temperatura para este mes de setembro, obtida a partir de once estacións meteorolóxicas representativas, foi de + 2.66 °C, cualificándose o mes como moi cálido. As zonas máis cálidas das provincias de Pontevedra e Ourense, mesmo acadaron anomalías de máis de 4.5 °C por riba do normal. As anomalías nas temperaturas máximas e mínimas medias foron moi elevadas nos dous casos. Así, este foi o setembro máis cálido da serie dende o ano 1985.

A anomalía media das precipitacións para este mes de setembro en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en dezaseis estacións meteorolóxicas representativas, foi dun 70 % por debaixo do normal. Isto fai que o mes poida considerarse como moi seco, tendo en conta a totalidade da Comunidade. O precedente máis seco foi setembro de 2011.

A xornada máis ventosa do mes foi a do 24, na que na estación meteorolóxica de Punta Candieira (Cedeira ) rexistráronse refachos de vento superiores aos 100 km/h.

## **2.10. Outubro**

Outubro resultou seco e con temperaturas medias normais debido á compensación das temperaturas máximas e mínimas moi marcadas debido aos episodios moi significativos que se deron neste mes. O predominio de situacións anticiclónicas fixo que as temperaturas fosen moi altas para un mes de outubro durante as tardes. Así por exemplo, no día 4 superáronse os 30 °C en moitas localidades do interior. Na metade do mes chegaron a Galicia os restos de dous furacáns. Entre os días 13 e 14 o furacán “Leslie” tocaba terra ao norte de Lisboa, o que provocou chuvias intensas, pero ademais tamén persistentes. Na xornada do 14, o descenso brusco das temperaturas achegounos o primeiro episodio significativo de neve. Tan só un día despois chegaron os restos do furacán “Michael”, provocando novamente unha xornada de chuvia xeneralizada en Galicia. O predominio de situacións anticiclónicas cambiou bruscamente na xornada do 26 de outubro. Nos días posteriores, con as altas presións retiradas



cara ao Atlántico e as baixas localizadas no norte de Europa, conformouse un corredor de isóbaras que achegaron unha masa de aire moi fría, de orixe ártico. Destaca a cantidade de neve na montaña de Lugo, principalmente nas xornadas de 27 e 28, cando a cota de neve baixou dos 1000 metros.

A anomalía media da temperatura para este mes de outubro en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en once estacións meteorolóxicas representativas, foi +0.16°C, o que fai que o mes poida considerarse no conxunto de Galicia como normal. Isto debeuse a que foi un mes cálido de acordo ás máximas e frío, considerando as mínimas.

A porcentaxe de precipitación foi un 31 % por debaixo do valor climático normal, para a serie rexional galega. As precipitacións, inferiores ao valor medio, non presentan anomalías moi significativas en cantidade, xa que o episodio de chuvia de mediados do mes foi suficientemente significativo para acumular cantidades importantes que quedaron redondeadas coas precipitacións asociadas á entrada da masa de aire frío dos últimos días do mes, podéndose considerar un mes normal en canto a esta variable.

## **2.11. Novembro**

A estación de outono rematou cun mes de novembro moi húmido e con temperaturas normais. A inestabilidade atmosférica foi o característico deste mes, ocasionada pola presenza de borrascas moi activas circulando polo Atlántico norte. Así, destacaron as fortes chuvias, a elevada humidade e fortes ventos de suroeste con temperaturas en xeral suaves. O paso de fronte frías deixou cantidades de precipitación moi elevadas e baixadas de temperatura, o que fixo que os chuvascos fosen en forma de neve nas zonas altas. Dúas borrascas importantes e dous ríos atmosféricos deixaron situacións de ventos moi fortes e chuvias intensas, con avisos en Galicia. Así, a borrasca “Beatriz” afectou a Galicia nas xornadas do 7 e do 8, seguida por un río atmosférico que tamén deixou tempo moi desapracible. Entre o 13 e o 17 houbo un corredor de isóbaras que achegou aire cálido a Galicia, o que fixo que moitas estacións meteorolóxica rexistrasen valores de temperatura superiores aos 20 °C. Na xornada do 25 as temperaturas sufriron un considerable descenso, así como chuvia intensa e ventos moi fortes, debidos ao paso dunha fronte fría moi activa. Na última semana do mes, achegouse á Comunidade outra borrasca, nomeada “Diana”, que se moveu entre o norte dos Azores e Irlanda. Tamén deixou sobre Galicia fortes ventos e intensas chuvias.



A anomalía media da temperatura para este mes de novembro en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en once estacións meteorolóxicas representativas, foi de  $+0.05^{\circ}\text{C}$ , e polo tanto normal. Neste caso, compensáronse as temperaturas máximas, lixeiramente frías, cas mínimas, lixeiramente cálidas.

O predominio de situacións ciclónicas fixo que as precipitacións para este mes de novembro en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en dezaseis estacións meteorolóxicas representativas, foi dun 56 % por riba do normal. Isto fai que o mes poida considerarse como moi húmido, tendo en conta a totalidade da Comunidade. Atopamos anos húmidos con valores similares no 2014 e o 2009.

Rexistráronse refachos de vento máximos aos 100 km/h en moitas xornadas e localidades de Galicia, destacando o paso da borrasca “Beatriz” e as xornadas do 28 e 29.

## **2.12. Decembro**

O ano 2018 rematou cun mes de decembro que cualificouse como seco e moi cálido. As borrascas atlánticas, principalmente na primeira quincena do mes, aportaron humidade e temperaturas en xeral suaves. As chuvias concentráronse principalmente no oeste de Galicia. Unha fronte moi activa, asociada a unha borrasca cun forte gradiente de presión atmosférica, deu paso a un temporal de vento, chuvia e ondas nas xornadas entre o 12 e o 14, baixando no último destes días a cota de neve ata os 1000 metros. No día 18 unha nova borrasca profunda, xerou novos avisos por chuvia e vento que en moitas localidades galegas superaron os 100 km/h (principalmente no litoral e zonas altas do interior). As últimas tres xornadas do mes despediron o ano, con temperaturas diúrnas moi agradables, e elevadas para a época do ano, debido o bloqueo anticiclónico ao norte da península Ibérica. As escasas entradas de aire frío procedente do norte e os ventos predominantes de suroeste, causaron temperaturas en xeral máis elevadas do normal para a época do ano. En canto á precipitación acumulada, hai contraste entre rexións que resultaron secas e outras húmidas. O período de chuvia máis intenso sucedeu entre os días 12 e 18. Nas outras xornadas do mes, as cantidades de chuvia foron máis escasas, mentres que nos últimos dez días do mes apenas choveu. Deste xeito, só as rexións máis afectadas polas fronte acadaaron valores acumulados de precipitación próximos aos normais.

A anomalía media da temperatura para este mes de decembro en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en once estacións meteorolóxicas representativas, foi de  $1.6^{\circ}\text{C}$ , o que fai que



o mes poida considerarse no conxunto de Galicia como moi cálido. Isto debeuse tanto ás temperaturas máximas, que en ámbolos dous casos resultaron moi cálidas. O anterior mes de decembro cunha anomalía claramente máis alta foi o 2015.

A anomalía media das precipitacións para este mes de decembro en Galicia, obtida a partir das anomalías medias en dezaseis estacións meteorolóxicas representativas, foi dun 32 % por debaixo do normal. Isto fai que o mes poida considerarse como seco, tendo en conta o conxunto da Comunidade. Este decembro contrasta co do ano anterior, que fora húmido.

O número de días de chuvia, foi en xeral superior ao valor climático. As fronteiras activas que afectaron a Galicia, fixeron tamén que a porcentaxe de precipitación fose un 29 % superior a rango de valores normais, cun mes de decembro cualificado como húmido.

### 3 DESCRICIÓN DA TEMPERATURA E PRECIPITACIÓN NO ANO 2018 EN GALICIA

#### 3.1. Temperatura.

Neste documento vanse tomar os criterios da Táboa 1 para asignar unha categoría aos distintos meses segundo a temperatura. Emprégase para isto os percentís obtidos da serie rexional no período 1981-2010. Este mesmo criterio é o que ven sendo considerado nos distintos informes climatolóxicos mensuais ao longo do ano 2018.

Temperatura	
Categoría	Percentil
extremadamente frío	≤mínimo (1981-2010)
moi frío	Entre mínimo (81-10) e 20%
frío	Entre 20% e 40%
normal	Entre 40% e 60%
cálido	Entre 60% e 80%
moi cálido	Entre 80% e máximo (81-10)
extremadamente cálido	≥máximo (1981-2010)

**Táboa 1:** Descrición das temperaturas en función dos percentís da serie 1981-2010.



En canto á temperatura, **xaneiro** do ano 2018 resultou cálido, debido as elevadas temperaturas mínimas pola predominancia de ventos de suroeste. **Febreiro** foi o mes máis frío dos últimos doce anos. O sucesivo paso de borrascas moi profundas e a conxunción do paso da borrasca “Enma”, con aire frío en altura nas derradeiras xornadas do mes, fixeron que tanto as máximas como a mínimas, aínda que en menor medida, foran moi baixas, cualificándose o mes como moi frío para a temperatura media. **Marzo** tamén foi o máis frío dos últimos 34 anos, destacando especialmente as máximas que acadaron o valor medio histórico da serie, pero con mínimas que tamén estiveron por debaixo do normal. **Abril** foi normal para a temperatura media, cunha distribución moi heteroxénea da anomalía ao longo do territorio galego. **Maio**, estivo moi preto da normalidade, ao compensarse as baixas temperaturas de principios e metade do mes, cas temperaturas máis altas, que propiciou a estabilidade atmosférica. A clara diferenza entre a primeira e a segunda quincena do mes, na que as temperaturas foron baixas e moi altas, respectivamente, fixo que o mes de **xuño** se cualificase como normal. En **xullo**, deuse unha situación similar que no mes anterior no comportamento das temperaturas, con máximas baixas, e mínimas moi cálidas, por iso este mes resultou moi cálido para a temperatura media. En **agosto**, as temperaturas foron máis propias da época estival, con máximas que acadaron rexistros históricos, e mínimas tamén moi cálidas, de formas que en canto á temperatura media foi moi cálido. O tempo caloroso, seguiu predominando no mes de **setembro**, que acadándose máximas históricas principalmente no sur da Comunidade. Así foi o setembro máis cálido dende 1985. O mes de **outubro**, en canto á temperatura media, foi normal, pola compensación das elevadas temperaturas que se deron no primeiro período do mes cas baixas temperaturas debidas a entrada de aire frío de orixe ártica. As borrascas e ríos atmosféricos que afectaron a Galicia achegando aire frío do Atlántico norte, provocaron temperaturas mínimas baixas para a época do ano, pero debido á formación dun corredor de isóbaras que achegou aire cálido a Galicia, compensáronse as temperaturas, resultando o mes de **novembro** normal en canto ás temperaturas medias. O ano rematou cun mes de **decembro** moi cálido, debido as temperaturas suaves da primeira quincena do mes, e as tres últimas xornadas do ano, que mesmo presentaron máximas por riba dos 20 °C en moitos puntos de Galicia.





Na Táboa 2 preséntanse a categoría asignada a cada mes tendo en conta a temperatura mínima, media e máxima e de acordo aos criterios da Táboa 1.

Resumo mensual das anomalías de temperatura no ano 2018			
Mes	Temperatura mínima	Temperatura media	Temperatura máxima
xaneiro	cálido	cálido	normal
febreiro	frío	moi frío	moi frío
marzo	frío	moi frío	extremadamente frío
abril	cálido	normal	normal
maio	normal	normal	cálido
xuño	moi cálido	normal	frío
xullo	moi cálido	cálido	frío
agosto	moi cálido	moi cálido	extremadamente cálido
setembro	extremadamente cálido	extremadamente cálido	moi cálido
outubro	frío	normal	cálido
novembro	cálido	normal	normal
decembro	moi cálido	moi cálido	moi cálido

**Táboa 2:** Descrición das temperaturas con respecto ao período de referencia 1981-2010.

### 3.2. Precipitación.

No caso da precipitación e ao igual que na temperatura, empregaranse os percentís obtidos da serie rexional no período 1981-2010. Os intervalos das distintas categorías móstranse na táboa 3. Este mesmo criterio é o que ven sendo considerado nos distintos informes climatolóxicos mensuais o longo do ano 2018.

Precipitación	
Categoría	Percentil
extremadamente seco	≥mínimo (1981-2010)
moi seco	Entre mínimo (81-10) e 20%
seco	Entre 20% e 40%
normal	Entre 40% e 60%
húmido	Entre 60% e 80%
moi húmido	Entre 80% e máximo (81-10)
extremadamente húmido	≥máximo (1981-2010)

**Táboa 3:** Descrición da precipitación acumulada en función dos percentís con respecto ao período de referencia 1981-2010.





O ano 2018 comezou cun mes de **xaneiro** no que as sucesivas borrascas procedentes do Atlántico norte deixaron precipitacións principalmente nas provincias de Pontevedra e Lugo, mentres que A Coruña e Ourense rexistraron chuvias que non chegaron aos valores normais, isto fixo que no conxunto de Galicia este mes se considere normal tendo en conta á precipitación. **Febreiro** foi moito máis chuvioso no terzo norte da Comunidade, con neve en cotas altas, debido ao predominio da inestabilidade atmosféricas da primeira quincena e a que nas últimas xornadas do mes o paso da borrasca “Enma”, en conxunción cunha borrasca que afectaba a Galicia, deixaron nevaradas a cotas moi baixas. **Marzo** tamén sufriu o paso de sucesivas borrascas moi profundas, que deron lugar a un mes no que en tan só 4 xornadas non se emitiron avisos meteorolóxicos. Nalgunhas localidades do leste acadáronse porcentaxes de precipitación que mesmo superaron o 400 % por riba do normal. Así, este mes considerouse moi húmido. **Abril** foi húmido, superando xa na primeira quincena do mes os valores climáticos normais. O mes de **maio** foi moi seco, debido a que as situacións meteorolóxicas que afectaron á Comunidade non deixaron chuvias moi cuantiosas, e tamén déronse períodos de moita estabilidade atmosférica. Tal e como ocorreu en abril, no mes de **xuño**, xa na primeira quincena, se acadaron valores de precipitación acumulada por riba dos normais, pero neste caso a contribución das treboadas de finais de mes tamén axudaron a cualificar o mes como moi húmido. **Xullo** tampouco foi moi estival en canto á precipitación, que foi húmido pola escaseza de situacións de influencia anticiclónica máis típicas da época. **Agosto** e **setembro**, sen embargo, resultaron moi secos polo bloqueo anticiclónico ao norte da península Ibérica. O predominio das altas presións deixaron un **outubro** seco, aínda que se viu afectado pola influencia do paso de dous furacáns, “Leslie” e “Michael”, que deixaron sobre Galicia chuvias intensas e xeneralizadas. En **novembro** mudou moito a situación, a inestabilidade provocada pola presenza de borrascas moi activas circulando polo Atlántico norte e a presenza de borrascas importantes como “Beatriz” ou “Diana”, deixaron un mes de novembro moi húmido. Finalmente, rematou o ano, cun mes de **decembro** seco, no que as chuvias concentráronse principalmente no oeste da Comunidade.

Na Táboa 4 preséntanse a categoría asignada a cada mes tendo en conta a precipitación acumulada e segundo os criterios da Táboa 3.



Resumo mensual anomalías de precipitación no ano 2018	
Mes	Precipitación
xaneiro	normal
febreiro	húmido
marzo	moi húmido
abril	húmido
maio	moi seco
xuño	moi húmido
xullo	húmido
agosto	moi seco
setembro	moi seco
outubro	seco
novembro	moi húmido
decembro	seco

**Táboa 4:** Descrición da precipitación con respecto ao período de referencia 1981-2010.



## 4 BALANCE DA TEMPERATURA E PRECIPITACIÓN NO ANO 2018 EN GALICIA

A continuación, na táboa 5, móstranse a media das temperaturas máximas máis altas rexistradas na rede de estacións de MeteoGalicia no ano 2018 con valores por riba dos 30°C. As temperaturas máximas medias foron moi elevadas principalmente no mes de agosto, pero cabe destacar, que no mes de setembro, en gran parte das estacións meteorolóxicas que aparecen na táboa, tamén se rexistraron valores de temperatura que estaban por riba deste limiar. Sen embargo, no mes de xullo, tan só na estación de Remuíño, no concello de Arnoia, se superaron estes 30 °C.

Temperaturas máximas medias por riba de 30 °C				
Estación	Concello	Provincia	Temperatura (°C)	mes
Remuíño	ARNOIA (A)	Ourense	35.9	agosto
Cequeliños	ARBO	Pontevedra	34.7	agosto
EVEGA Leiro	LEIRO	Ourense	34.5	agosto
Ourense	OURENSE	Ourense	33.9	agosto
A Portela	VILAMARTÍN DE VALDEORRAS	Ourense	33.9	agosto
Ourense-Estacións	OURENSE	Ourense	33.8	agosto
Areas	TUI	Pontevedra	33.4	agosto
Prado	CASTRELO DE MIÑO	Ourense	33.4	agosto
Verín-Vilela	VERÍN	Ourense	32.8	agosto
San Clodio	RIBAS DE SIL	Lugo	32.7	agosto
Queimadelos	MONDARIZ	Pontevedra	32.3	agosto
Míllara	PANTÓN	Lugo	32.3	agosto
Entenza	SALCEDA DE CASELAS	Pontevedra	32.3	agosto
A Granxa	PONTEAREAS	Pontevedra	32.2	agosto
Meder	SALVATERRA DE MIÑO	Pontevedra	32.2	agosto
Verín-Vilamaior	VERÍN	Ourense	32.0	agosto
Laza	LAZA	Ourense	31.8	agosto
O Viso	REDONDELA	Pontevedra	31.8	agosto
As Petarelas	RUBIÁ	Ourense	31.6	agosto
Xabrega	SOBER	Lugo	31.5	agosto
Larouco	LAROUCO	Ourense	31.4	agosto
Pontevedra-Campolongo	PONTEVEDRA	Pontevedra	30.7	agosto
Bóveda	BÓVEDA	Lugo	30.7	agosto
Gandarela	CELANOVA	Ourense	30.4	agosto



Temperaturas máximas medias por riba de 30 °C				
Estación	Concello	Provincia	Temperatura (°C)	mes
As Eiras	ROSAL (O)	Pontevedra	30.3	agosto
Conchada	QUIROGA	Lugo	30.2	agosto
Pazo de Fontefiz	COLES	Ourense	30.1	agosto
Ponte Boga	CASTRO CALDELAS	Ourense	30.1	agosto

**Táboa 5:** Temperaturas máximas medias máis altas ano 2018.

Na táboa 6, móstranse as estacións da rede de Meteogalicia ca media das máximas máis baixas, considerando aquelas nas que os valores foron inferiores aos 10°C. Febreiro e marzo foron os meses cas máximas medias máis baixas, se ben, marzo destaca en altitudes altas e localidades do interior e febreiro foi máis frío en estacións de altitude menor.

Temperaturas máximas medias por debaixo de 10°C				
Estación	Concello	Provincia	Temperatura (°C)	Mes
Xares	VEIGA (A)	Ourense	0.5	marzo
Cabeza de Manzaneda	MANZANEDA	Ourense	0.7	marzo
Lardeira	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	2.0	marzo
Alto do Poio	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	2.5	marzo
Ancares	CERVANTES	Lugo	2.7	marzo
O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	2.7	marzo
Serra do Eixe	VEIGA (A)	Ourense	4.4	marzo
Casaio	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	4.8	febreiro
Corzos	VEIGA (A)	Ourense	5.5	marzo
Fontaneira	BALEIRA	Lugo	5.7	marzo
Serra do Faro	RODEIRO	Pontevedra	5.9	marzo
Alto do Rodicio	MACEDA	Ourense	6.1	febreiro
Ventosa	NAVIA DE SUARNA	Lugo	6.1	febreiro
Labrada	ABADÍN	Lugo	6.3	febreiro
San Xoán de Río	SAN XOÁN DE RÍO	Ourense	6.4	febreiro
Xurés	MUIÑOS	Ourense	6.4	marzo
Alto do Faro	CHANTADA	Lugo	6.5	febreiro
O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	6.5	marzo
A Mezquita	MEZQUITA (A)	Ourense	6.6	marzo
O Xipro	FONSAGRADA (A)	Lugo	6.8	febreiro
Fragavella	ABADÍN	Lugo	6.8	febreiro
Penedo do Galo	VIVEIRO	Lugo	7.0	febreiro



Temperaturas máximas medias por debaixo de 10°C				
Estación	Concello	Provincia	Temperatura (°C)	Mes
Marco da Curra	MONFERO	A Coruña	7.1	febreiro
Corno do Boi	FRIOL	Lugo	7.2	febreiro
Xesteiras	CUNTIS	Pontevedra	7.2	marzo
Guitiriz-Mirador	VILALBA	Lugo	7.3	febreiro
Abradelo	SAMOS	Lugo	7.4	febreiro
Courel	FOLGOSO DO COUREL	Lugo	7.6	febreiro
Pol	POL	Lugo	7.6	febreiro
Calvos	CALVOS DE RANDÍN	Ourense	7.6	febreiro
Serra da Faladoira	ORTIGUEIRA	A Coruña	7.9	febreiro
Muralla	LOUSAME	A Coruña	8.1	febreiro
Pereira	FORCAREI	Pontevedra	8.2	marzo
Viana do Bolo	VIANA DO BOLO	Ourense	8.3	febreiro
Baltar	BALTAR	Ourense	8.3	febreiro
Lanzós	VILALBA	Lugo	8.3	febreiro
Fornelos de Montes	FORNELOS DE MONTES	Pontevedra	8.3	marzo
Burela	BURELA	Lugo	8.4	febreiro
A Pontenova	PONTENOVA (A)	Lugo	8.5	febreiro
Olveda	ANTAS DE ULLA	Lugo	8.5	febreiro
Río do Sol	CORISTANCO	A Coruña	8.7	febreiro
A Trabe	VILARDEVÓS	Ourense	8.7	marzo
Marroxo	MONFORTE DE LEMOS	Lugo	8.8	febreiro
Sambreixo	GUITIRIZ	Lugo	9.1	febreiro
Riós	RIÓS	Ourense	9.1	marzo
Entrimo	ENTRIMO	Ourense	9.1	marzo
Lalín	LALÍN	Pontevedra	9.2	febreiro
Castro R. de Lea	CASTRO DE REI	Lugo	9.2	febreiro
A Gándara	VIMIANZO	A Coruña	9.4	febreiro
Monte Medo	BAÑOS DE MOLGAS	Ourense	9.5	febreiro
Conchada	QUIROGA	Lugo	9.7	febreiro
Olas	MESÍA	A Coruña	9.7	febreiro
Castro Vicaludo	OIA	Pontevedra	9.8	marzo
Punta Candieira	CEDEIRA	A Coruña	9.9	febreiro

**Táboa 6:** Temperaturas máximas medias máis baixas no ano 2018.



Nas táboas 7 e 8 indícanse as medias das temperaturas mínimas con valores por debaixo dos 2°C e que tiveron valores por encima dos 15°C respectivamente, rexistradas na rede de estacións xestionadas por MeteoGalicia. Nesta ocasión, as temperaturas medias máis baixas rexistráronse principalmente no mes de febreiro, para estacións a distintas altitudes e con predominio das provincias de Lugo e Ourense, como era de esperar.

Temperaturas mínimas medias por debaixo de 2°C				
Estación	Concello	Provincia	Temperatura (°C)	Mes
Lardeira	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	-4.6	febreiro
Xares	VEIGA (A)	Ourense	-4.5	febreiro
Cabeza de Manzaneda	MANZANEDA	Ourense	-4.4	marzo
Corzos	VEIGA (A)	Ourense	-3.0	febreiro
O Cebreiro	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	-2.9	febreiro
Calvos	CALVOS DE RANDÍN	Ourense	-2.5	febreiro
Alto do Poio	PEDRAFITA DO CEBREIRO	Lugo	-2.4	febreiro
Ancares	CERVANTES	Lugo	-2.4	febreiro
Serra do Eixe	VEIGA (A)	Ourense	-2.2	febreiro
Baltar	BALTAR	Ourense	-2.1	febreiro
Verín-Vilela	VERÍN	Ourense	-1.8	febreiro
O Invernadeiro	VILARIÑO DE CONSO	Ourense	-1.7	febreiro
Casaio	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	-1.6	febreiro
San Xoán de Río	SAN XOÁN DE RÍO	Ourense	-1.3	febreiro
A Mezquita	MEZQUITA (A)	Ourense	-1.3	febreiro
Viana do Bolo	VIANA DO BOLO	Ourense	-0.8	febreiro
Ventosa	NAVIA DE SUARNA	Lugo	-0.5	febreiro
Ríós	RIÓS	Ourense	-0.5	febreiro
Xinzo	XINZO DE LIMIA	Ourense	-0.5	febreiro
Mouriscade	LALÍN	Pontevedra	-0.4	febreiro
Alto do Rodicio	MACEDA	Ourense	-0.4	febreiro
As Petarelas	RUBIÁ	Ourense	-0.3	febreiro
Fontaneira	BALEIRA	Lugo	-0.3	febreiro
Xurés	MUÍÑOS	Ourense	-0.3	febreiro
O Xipro	FONSAGRADA (A)	Lugo	-0.2	febreiro
EVEGA Leiro	LEIRO	Ourense	-0.1	febreiro
Serra do Faro	RODEIRO	Pontevedra	0.0	febreiro
Morelle	SARRIA	Lugo	0.0	febreiro
Sambreixo	GUITIRIZ	Lugo	0.1	febreiro



Temperaturas mínimas medias por debaixo de 2°C				
Estación	Concello	Provincia	Temperatura (°C)	Mes
Courel	FOLGOSO DO COUREL	Lugo	0.1	febreiro
Alto do Faro	CHANTADA	Lugo	0.2	febreiro
Olveda	ANTAS DE ULLA	Lugo	0.4	febreiro
Portomarín	PORTOMARÍN	Lugo	0.4	febreiro
Conchada	QUIROGA	Lugo	0.5	febreiro
Lanzós	VILALBA	Lugo	0.5	febreiro
Laza	LAZA	Ourense	0.6	febreiro
Corno do Boi	FRIOL	Lugo	0.6	febreiro
Pol	POL	Lugo	0.7	febreiro
Abradelo	SAMOS	Lugo	0.7	febreiro
Bóveda	BÓVEDA	Lugo	0.7	febreiro
Remuíño	ARNOIA (A)	Ourense	0.8	febreiro
Larouco	LAROUCO	Ourense	0.8	febreiro
A Portela	VILAMARTÍN DE VALDEORRAS	Ourense	0.8	febreiro
Castro R. de Lea	CASTRO DE REI	Lugo	0.8	febreiro
Fragavella	ABADÍN	Lugo	0.9	febreiro
Monte Medo	BAÑOS DE MOLGAS	Ourense	0.9	febreiro
Arzúa	ARZÚA	A Coruña	1.0	febreiro
Entrimo	ENTRIMO	Ourense	1.0	febreiro
Verín-Vilamaior	VERÍN	Ourense	1.0	febreiro
Melide	MELIDE	A Coruña	1.0	febreiro
Guitiriz-Mirador	VILALBA	Lugo	1.1	febreiro
Pereira	FORCAREI	Pontevedra	1.1	febreiro
A Trabe	VILARDEVÓS	Ourense	1.1	febreiro
Campus Lugo	LUGO	Lugo	1.1	febreiro
Lalín	LALÍN	Pontevedra	1.2	febreiro
San Clodio	RIBAS DE SIL	Lugo	1.2	febreiro
Labrada	ABADÍN	Lugo	1.3	febreiro
Rebordelo	COTOBADÉ	Pontevedra	1.3	febreiro
A Granxa	PONTEAREAS	Pontevedra	1.5	febreiro
Ordes	ORDES	A Coruña	1.5	febreiro
Marroxo	MONFORTE DE LEMOS	Lugo	1.5	febreiro
Ourense	OURENSE	Ourense	1.6	febreiro
Prado	CASTRELO DE MIÑO	Ourense	1.6	febreiro
Gandarela	CELANOVA	Ourense	1.6	febreiro
Xabrega	SOBER	Lugo	1.6	febreiro



Temperaturas mínimas medias por debaixo de 2°C				
Estación	Concello	Provincia	Temperatura (°C)	Mes
Ponte Boga	CASTRO CALDELAS	Ourense	1.7	febreiro
Míllara	PANTÓN	Lugo	1.7	febreiro
Marco da Curra	MONFERO	A Coruña	1.7	febreiro
San Fiz	CHANTADA	Lugo	1.8	febreiro
Xesteiras	CUNTIS	Pontevedra	1.9	febreiro

**Táboa 7:** Temperaturas mínimas medias máis baixas no ano 2018.

Considerando o limiar dos 15°C, aquelas estacións situadas no litoral, onde o mar exerce un gran poder suavizante sobre as temperaturas, son as que acadaron os valores máis elevados de temperatura mínima media, principalmente no meses de xullo e agosto, de feito, poucas zonas do interior da Comunidade acadou este limiar para a temperatura mínima media.

Temperaturas mínimas medias por enriba dos 15°C				
Estación	Concello	Provincia	Temperatura (°C)	Mes
Porto de Vigo	VIGO	Pontevedra	18.5	agosto
Vigo-Campus	VIGO	Pontevedra	18.0	agosto
Queimadelos	MONDARIZ	Pontevedra	17.5	agosto
Cariño	CARIÑO	A Coruña	17.5	agosto
Corón	VILANOVA DE AROUSA	Pontevedra	17.4	agosto
Ourense-Estacións	OURENSE	Ourense	17.3	xullo
Cangas-Porto	CANGAS	Pontevedra	17.3	agosto
Castro Vicaludo	OIA	Pontevedra	17.2	agosto
Illas Cíes	VIGO	Pontevedra	17.1	agosto
Sálvora	RIBEIRA	A Coruña	17.0	xullo
Lira	CARNOTA	A Coruña	17.0	agosto
Pedro Murias	RIBADEO	Lugo	17.0	xullo
Fornelos de Montes	FORNELOS DE MONTES	Pontevedra	17.0	agosto
Coruña-Dique	CORUÑA (A)	A Coruña	17.0	xullo
Pontevedra-Campolongo	PONTEVEDRA	Pontevedra	16.9	agosto
Sanxenxo	SANXENXO	Pontevedra	16.8	xullo
Cabo Udra	BUEU	Pontevedra	16.8	xullo
Areas	TUI	Pontevedra	16.8	agosto
A Lanzada	GROVE (O)	Pontevedra	16.7	agosto
Cespón	BOIRO	A Coruña	16.7	agosto





Temperaturas mínimas medias por enriba dos 15°C				
Estación	Concello	Provincia	Temperatura (°C)	Mes
Punta Langosteira	ARTEIXO	A Coruña	16.7	xullo
Castrove	POIO	Pontevedra	16.7	agosto
Corrubedo	RIBEIRA	A Coruña	16.7	agosto
Ourense	OURENSE	Ourense	16.7	xullo
Soutomaior	SOUTOMAIOR	Pontevedra	16.7	agosto
Cequeliños	ARBO	Pontevedra	16.6	agosto
Punta Candieira	CEDEIRA	A Coruña	16.6	agosto
CIS Ferrol	FERROL	A Coruña	16.6	xullo
Vilamor	MONDOÑEDO	Lugo	16.5	xullo
Pé Redondo	MEIS	Pontevedra	16.5	agosto
Areiro	PONTEVEDRA	Pontevedra	16.5	agosto
Entenza	SALCEDA DE CASELAS	Pontevedra	16.4	agosto
Lourenzá	LOURENZÁ	Lugo	16.4	xullo
Foz	FOZ	Lugo	16.4	xullo
Camariñas	CAMARIÑAS	A Coruña	16.4	xullo
Torrequeintás	MEIS	Pontevedra	16.3	agosto
Ons	BUEU	Pontevedra	16.3	agosto
Meder	SALVATERRA DE MIÑO	Pontevedra	16.2	agosto
Ponte Caldelas	PONTE CALDELAS	Pontevedra	16.2	agosto
Lesende	LOUSAME	A Coruña	16.1	agosto
Tremoedo	VILANOVA DE AROUSA	Pontevedra	16.1	agosto
Míllara	PANTÓN	Lugo	16.1	xullo
Lourizán	PONTEVEDRA	Pontevedra	16.0	agosto
Guísamo	BERGONDO	A Coruña	16.0	xullo
Borreiros	VIVEIRO	Lugo	15.9	xullo
Monte Aloia	TUI	Pontevedra	15.9	agosto
O Viso	REDONDELA	Pontevedra	15.8	agosto
A Portela	VILAMARTÍN DE VALDEORRAS	Ourense	15.8	xullo
O Val	NARÓN	A Coruña	15.8	xullo
Prado	CASTRELO DE MIÑO	Ourense	15.7	xullo
Pazo de Galegos	VEDRA	A Coruña	15.7	xullo
San Clodio	RIBAS DE SIL	Lugo	15.7	xullo
San Fiz	CHANTADA	Lugo	15.6	xullo
Camanzo	VILA DE CRUCES	Pontevedra	15.6	xullo
Santiago-EOAS	SANTIAGO DE COMPOSTELA	A Coruña	15.6	xullo
Costa	ROIS	A Coruña	15.6	agosto



Temperaturas mínimas medias por enriba dos 15°C				
Estación	Concello	Provincia	Temperatura (°C)	Mes
Remuíño	ARNOIA (A)	Ourense	15.6	xullo
Louredo	MOS	Pontevedra	15.6	agosto
Caldas de Reis	CALDAS DE REIS	Pontevedra	15.5	agosto
As Eiras	ROSAL (O)	Pontevedra	15.5	agosto
Xabrega	SOBER	Lugo	15.4	xullo
Pazo de Fontefiz	COLES	Ourense	15.4	xullo
Sergude	BOQUEIXÓN	A Coruña	15.4	xullo
Santiago-San Lázaro	SANTIAGO DE COMPOSTELA	A Coruña	15.4	xullo
Burela	BURELA	Lugo	15.3	xullo
Aldea Nova	NARÓN	A Coruña	15.3	agosto
Malpica	MALPICA DE BERGANTIÑOS	A Coruña	15.2	xullo
Santiago-EOAS	SANTIAGO DE COMPOSTELA	A Coruña	15.2	agosto
A Pontenova	PONTENOVA (A)	Lugo	15.1	xullo
EVEGA Leiro	LEIRO	Ourense	15.1	xullo
Campus Lugo	LUGO	Lugo	15.1	xullo
Ponte Boga	CASTRO CALDELAS	Ourense	15.1	xullo

**Táboa 8:** Temperaturas mínimas medias máis altas no ano 2018.



Nas táboas 9 e 10 indícanse as temperaturas máximas absolutas máis altas e mínimas absolutas máis baixas rexistradas na rede de estacións de MeteoGalicia. Os valores máis altos de temperatura rexistráronse nas xornadas primeiras xornadas do mes de agosto, onde en moitas localidades de das provincias de Ourense e Pontevedra, superaron os 40 °C.

Temperaturas máximas absolutas				
Estación	Concello	Provincia	Temperatura (°C)	Data
Cequeliños	Pontevedra	ARBO	43.7	04/08/2018
Remuíño	Ourense	ARNOIA (A)	42.7	02/08/2018
Ourense-Estacións	Ourense	OURENSE	42.7	03/08/2018
Ourense	Ourense	OURENSE	42.5	03/08/2018
EVEGA Leiro	Ourense	LEIRO	42.5	02/08/2018
Entenza	Pontevedra	SALCEDA DE CASELAS	42.4	03/08/2018
Cequeliños	Pontevedra	ARBO	42.4	05/08/2018
A Portela	Ourense	VILAMARTÍN DE VALDEORRAS	41.6	03/08/2018
Prado	Ourense	CASTRELO DE MIÑO	41.6	03/08/2018
San Clodio	Lugo	RIBAS DE SIL	41.3	02/08/2018
Areas	Pontevedra	TUI	41.3	03/08/2018
Míllara	Lugo	PANTÓN	41.1	02/08/2018
A Granxa	Pontevedra	PONTEAREAS	40.9	03/08/2018
Verín-Vilela	Ourense	VERÍN	40.8	03/08/2018
A Portela	Ourense	VILAMARTÍN DE VALDEORRAS	40.7	02/08/2018
Queimadelos	Pontevedra	MONDARIZ	40.3	02/08/2018
Meder	Pontevedra	SALVATERRA DE MIÑO	40.2	03/08/2018
O Viso	Pontevedra	REDONDELA	40.2	20/08/2018
Xabrega	Lugo	SOBER	40.0	03/08/2018

**Táboa 9:** Temperaturas máximas absolutas no ano 2018.

En canto ás mínimas absolutas, na táboa 10 pódense ver os valores por debaixo dos -8.0 °C rexistrados ao longo de 2018. A xornada do 6 de febreiro foi unha das máis frías do ano, aínda que nos tres primeiros meses do ano, destacando febreiro, foron moitas as localidades que rexistraron temperaturas negativas moi baixas.



Temperaturas mínimas absolutas				
Estación	Concello	Provincia	Temperatura (°C)	Data
Cabeza de Manzaneda	Ourense	MANZANEDA	-10.4	06/02/2018
Xares	Ourense	VEIGA (A)	-10.2	06/02/2018
Lardeira	Ourense	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	-9.7	06/02/2018
Calvos	Ourense	CALVOS DE RANDÍN	-9.3	08/02/2018
Baltar	Ourense	BALTAR	-9.2	24/02/2018
Verín-Vilela	Ourense	VERÍN	-9.1	24/02/2018
Corzos	Ourense	VEIGA (A)	-8.3	06/02/2018

**Táboa 10:** Temperaturas mínimas máis baixas no ano 2018.

Na táboa 11 móstrase a temperatura media do 2018 con respecto aos tres períodos de referencia: 1961-1990, 1971-2000 e 1981-2010.

Temperatura media anual (°C)			
2018	1961-1990	1971-2000	1981-2010
13.7	13.4	13.4	13.6

**Táboa 11:** Comparación entre a temperatura media anual e a media climática galega.

A temperatura media do ano 2018 foi 0.3 °C superior ao valor medio 1961-1990 e ao valor medio do período 1971-2000. Con respecto ao último período de referencia foi de 0.1° C superior ao valor medio no mesmo.

#### 4.1. Temperatura.

Na figura 1 móstrase o mapa de temperatura media para o ano 2018. Como se pode apreciar, os valores máis baixos de temperatura acadáronse nas rexións situadas a unha maior altitude. Así, no macizo de Manzaneda, e zoa de Pena Trevinca a temperatura acadou valores medios próximos aos 6.0 °C. As temperaturas máis altas déronse principalmente no litoral da provincia de Pontevedra, pero destacan as comarcas de A Coruña e algunhas localidades das comarcas de Ferrol e Eume, con valores entorno aos 16 °C. No conxunto da Comunidade segundo os valores do mapa as temperatura media estivo preto dos 13 °C.





Figura 1: Temperatura media ano 2018.

Na figura 2, móstrase o mapa de anomalías de temperatura con respecto ao período 1981-2010. A anomalía media 2018 respecto á media climática segundo o mapa foi de  $+0.4^{\circ}\text{C}$ , con algunhas zonas máis cálidas que se deron principalmente no leste da Comunidade pero destacando tamén a comarca da Coruña e algunhas zonas do litoral, con valores nalgúns casos próximos aos  $+1.8^{\circ}\text{C}$ . Os valores máis baixos que presentaron unha anomalía negativa próxima aos  $-0.5^{\circ}\text{C}$ , rexistráronse na Mariña Central. Para toda Galicia, tendo en conta os valores do mapa, a anomalía de temperatura media foi de  $+0.4^{\circ}\text{C}$ .





**Figura 2:** Mapa de anomalías de temperatura no ano 2018 con respecto ao período 1981-2010.



## 4.2. Precipitación.

Na táboa 12 móstranse os valores máximos de precipitación acumulada rexistrados no ano 2018. Como era de esperar, foron as provincias de A Coruña e Pontevedra, as que obtiveron os rexistros máis altos de precipitación acumulada anual. A estación que máis chuvia rexistrou foi Muralla no concello de Lousame con 3503 L/m<sup>2</sup>, superando como ao ano pasado a Fornelos de Montes, que rexistrou onde neste ano recolléronse 3176 L/m<sup>2</sup>.

Precipitación máxima anual no 2018			
Estación	concello	Provincia	Precipitación (L/m <sup>2</sup> )
Muralla	LOUSAME	A Coruña	3503
Fornelos de Montes	FORNELOS DE MONTES	Pontevedra	3176
Fontecada	SANTA COMBA	A Coruña	2967
Xesteiras	CUNTIS	Pontevedra	2671
Cespón	BOIRO	A Coruña	2643
Paramos	VAL DO DUBRA	A Coruña	2612
Pereira	FORCAREI	Pontevedra	2610
Coto Muiño	ZAS	A Coruña	2599
Castrove	POIO	Pontevedra	2521
Costa	ROIS	A Coruña	2389

**Táboa 12:** Valores máximos de precipitación acumulada no ano 2018.

Na táboa 13 móstranse os valores mínimos de precipitación acumulada rexistrados no 2018. As comarcas da provincia de Ourense, rexistraron os valores máis baixos de precipitación anual, este ano, os valores de precipitación mínima acumulada incluso nos sitios que comunmente presentan unha menor precipitación, os valores non están moi lonxe dos 1000 L/m<sup>2</sup>, así por exemplo, Lardeira, presentou unha precipitación acumulada total de 762 L/m<sup>2</sup>.



Precipitación mínima anual no 2018			
Estación	concello	Provincia	Precipitación (L/m <sup>2</sup> )
Lardeira	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	762
Larouco	LAROUCO	Ourense	790
Casaio	CARBALLEDA DE VALDEORRAS	Ourense	852
Verín-Vilela	VERÍN	Ourense	867
Punta Candieira	CEDEIRA	A Coruña	942
Verín-Vilamaior	VERÍN	Ourense	955
A Portela	VILAMARTÍN DE VALDEORRAS	Ourense	988
Coruña-Torre de Hércules	CORUÑA (A)	A Coruña	1002
Xinzo	XINZO DE LIMIA	Ourense	1030
Marroxo	MONFORTE DE LEMOS	Lugo	1035

**Táboa 13:** Valores mínimos de precipitación acumulada no ano 2018.

Na táboa 14 preséntanse os valores máis altos de precipitación diaria. Destaca a xornada do día 9 de novembro, no que tras o paso da borrasca “Beatriz” nas xornadas do 7 e 8 de novembro, un río atmosférico afectou á Comunidade, deixando valores de precipitación acumulada, que nos casos que se observan na táboa, superaron os 100 L/m<sup>2</sup>.

Precipitación máxima diaria no 2018				
Estación	Provincia	Concello	PP (L/m <sup>2</sup> )	Data
Muralla	A Coruña	LOUSAME	150	09/11/2018
Fontecada	A Coruña	SANTA COMBA	145	09/11/2018
Coto Muiño	A Coruña	ZAS	137	09/11/2018
Fornelos de Montes	Pontevedra	FORNELOS DE MONTES	126	09/11/2018
Paramos	A Coruña	VAL DO DUBRA	116	06/11/2018
Cespón	A Coruña	BOIRO	109	09/11/2018
O Xipro	Lugo	FONSAGRADA (A)	107	15/07/2018
Paramos	A Coruña	VAL DO DUBRA	104	09/11/2018
A Gándara	A Coruña	VIMIANZO	101	24/11/2018

**Táboa 14:** Precipitación máxima diaria no ano 2018






Na táboa 15 pode verse o acumulado medio obtido das estacións que compoñen a serie rexional e os valores medios do período 1961-1990, 1971-2000 e do período 1981-2010.

Precipitación acumulada anual (L/m <sup>2</sup> )			
2018	1961-1990	1971-2000	1981-2010
1406	1337	1329	1299

**Táboa 15:** Comparación entre a precipitación acumulada no ano 2018 e os valores climáticos.


Como se pode ver na figura 3, os rexistros máis elevados de chuvia correspóndense ao oeste da Comunidade (onde se superaron nalgúns casos os 3000 L/m<sup>2</sup>). As zonas de menor precipitación foron principalmente a Comarca de Valdeorras, se ben tamén destacan a Ribeira do Sil, Monforte de Lemos e o concello de Verín nos que a precipitación acumulada ao longo do ano, mesmo está por debaixo dos 300 L/m<sup>2</sup>, nalgúns casos. A precipitación anual segundo os valores do mapa foi de 1618 L/m<sup>2</sup>.



**Figura 3:** Mapa de precipitación acumulada no ano 2018.



Na figura 4 pode verse a porcentaxe de precipitación rexistrada con respecto á media climática, sempre con período de referencia 1981-2010. Segundo os valores do mapa a porcentaxe de precipitación con respecto ao valor normal do período de referencia 1981-2010 é un 13% superior ao agardado. Os valores máis baixos correspóndense ás Comarcas do Valdeorras e o Macizo de Manzaneda, con valores de ata un 40% por debaixo do normal. As porcentaxes máis altas, rexistráronse na Comarca da Baixa Limia, principalmente nos concellos de Entrimo e Lobios, con unha porcentaxe de ata un 113% por riba do valor climático normal.



**Figura 4:** Porcentaxe de precipitación acumulada con respecto á media climática no ano 2018.

## 5 Evolución histórica da temperatura e precipitación.

Na seguinte figura, obsérvase que no ano 2018 a temperatura media (13.7 °C) estivo moi próxima ao valor climático agardado, con unha anomalía positiva de +0.1 °C sendo lixeiramente cálida, co precedente histórico de menor temperatura no ano 2012. A temperatura máxima media anual foi fría, cunha anomalía negativa de -0.4 °C. A temperatura mínima media foi moi cálida, cunha anomalía de +0.6 °C.



Figura 5: Evolución da temperatura media anual ó longo do período 1961-2018.




Figura 6: Evolución da anomalía da temperatura media anual, respecto ó período 1981-2010.





## 5.1. Evolución da temperatura media por mes

Na figura 7 móstrase a temperatura por mes. Compáranse os anos 2014, 2015, 2016, 2017 e 2018 co valor climático do período 1981-2010. Sete dos doce meses presentaron temperaturas medias mensuais por riba do valor climático, sen embargo, en moitos casos moi preto da normalidade, polo que realmente destacan os meses de agosto, setembro, e decembro.




Figura 7: Temperatura media mensual dos anos 2014 a 2018 e a media 1981-2010.

## 5.2. Precipitación

A precipitación media rexistrada para a serie rexional foi 1406 L/m<sup>2</sup> e cos criterios da táboa 3, este ano 2018 foi húmido. A desviación respecto ao valor medio da serie no período 1981-2010 é dun 11 % por riba do normal, xa 2016 resultou máis húmido.




Figura 8: Evolución da precipitación anual ó longo do período 1961-2018.




Figura 9: Evolución da anomalía de precipitación anual, respecto ó período 1981-2010.

### 5.3. Evolución da precipitación por mes e diagrama de Termohietas

Na figura 10 móstrase a chuvia rexistrada por mes. Compárase os anos 2014 ao 2018 co valor climático do período 1981-2010. En 2018, destacan especialmente os elevados valores de precipitación dos meses de marzo, abril, xuño e novembro. Na figura 11 pódese ver o diagrama de termohietas. Destacan especialmente os meses de marzo e novembro, moi desviados da media climática e o mes de setembro, que tivo un comportamento máis propio do verán.




Figura 10: Chuvia mensual dos anos 2012 a 2018 e a media 1981-2010.




Figura 11: Diagrama de termohietas.



#### 5.4. Índice de Precipitación Estandariza (SPI – siglas en inglés)

O SPI representa o número de desviacións típicas que un valor concreto de precipitación se separa da media da serie en un determinado intervalo temporal. Este índice permite fixar o comezo e fin dun episodio de seca, así coma a súa intensidade.

Na táboa 16 móstranse as diferentes clases e valores do SPI:

SPI	Clase	Probabilidade Acumulada
$SPI \geq 2.00$	Extremadamente húmido	0.977 - 1.00
$1.50 \leq SPI < 2.00$	Moi húmido	0.933 - 0.977
$1.00 \leq SPI < 1.50$	Moderadamente húmido	0.841 - 0.933
$-1.00 \leq SPI < 1.00$	Normal	0.159 - 0.841
$-1.50 \leq SPI < -1.00$	Moderadamente seco	0.067 - 0.159
$-2.00 \leq SPI < -1.50$	Moi seco	0.023 - 0.067
$SPI < -2.00$	Extremadamente seco	0.000 - 0.023

Táboa 16: Valores do SPI.

Para o cálculo do SPI, considerouse un conxunto de 16 estacións con valores mensuais entre 1961 e 2018.

Os índices SPI-12 e SPI-24, reflicten os patróns de precipitación a longo prazo. Así no índice SPI-12 compárase a precipitación dos últimos doce meses consecutivos, ca rexistrada nos mesmos 12 meses consecutivos de todos os anos precedentes dos que se teñen datos. Do mesmo xeito, o SPI-24, compara os últimos 24 meses consecutivos, con todos os mesmos 24 meses de todos os anos precedentes dos que se teñen datos. No noso caso, dende o ano 1975.

Estes índices de precipitación estandarizada que como xa se dixo, reflicten patróns de precipitación a longo prazo, tenden a situarse en torno a cero, a menos que se estea a producir unha tendencia húmida ou seca característica, que afecta a cauces fluviais e niveis dos reservorios de auga.

Durante todo o ano 2018 o SPI-24 estivo por debaixo de 0, pero dentro do intervalo de valores que se consideran moderadamente secos, pero cabe destacar, que marzo, novembro e decembro, aínda que negativos, están dentro dos limiares que se consideran normais.

No caso do SPI-12, tan só xaneiro e febreiro, están dentro dos limiares de moderadamente seco, reflectindo aínda a importante seca que nos afectara no ano 2017.



No caso do índice SPI-6 (o cal ten en conta a chuvia acumulada en intervalos de 6 meses), vése que ca chuvia rexistrada dende o mes de marzo, chega a ter valores de *moderadamente húmido*, no mes de xuño e que en xullo e agosto, mesmo acadaba valores de *moi húmido*. A situación muda no mes de outubro, no que os escasos valores de precipitación de agosto e setembro, que tivo un comportamento estival, fai que considerando a chuvia acumulada entre abril e outubro, comparada ca chuvia acumulada nestes meses consecutivos da serie completa, se acadaba un valor de *moderadamente seco* (-1.05). Na táboa 17 móstranse os valores de chuvia do SPI-6, SPI-12 e SPI-24 para os anos comprendidos no período 2014 ao 2018.

2014												
Ano												
Mes	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12
Chuvia (mm)	301	278	101	85	62	51	50	39	96	140	258	63
SPI-6	0.79	1.16	1.04	0.69	0.78	0.88	0.49	-0.50	-0.13	0.01	0.86	0.17
SPI-12	0.95	1.37	0.79	0.73	0.69	0.70	0.77	0.87	0.97	0.64	1.09	0.80
SPI-24	0.50	1.06	1.20	1.06	0.97	0.88	0.94	0.97	1.14	1.24	1.44	1.15
2015												
Ano												
Mes	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12
Chuvia (mm)	164	122	48	90	68	12	16	61	81	169	54	98
SPI-6	0.04	-0.06	-0.40	-0.44	-1.07	-1.01	-1.45	-1.50	-0.68	-0.26	-0.81	-0.79
SPI-12	0.26	-0.29	-0.46	-0.47	-0.45	-0.58	-0.68	-0.62	-0.71	-0.60	-1.47	-1.57
SPI-24	0.81	0.77	0.23	0.19	0.16	0.08	0.07	0.20	0.22	0.01	-0.16	-0.45
2016												
Ano												
Mes	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12
Chuvia (mm)	345	274	179	162	142	51	3	17	71	61	142	38
SPI-6	0.25	0.56	0.70	0.82	1.36	1.95	1.49	0.94	0.44	-0.86	-1.23	-1.85
SPI-12	-0.64	0.01	0.41	0.65	0.87	0.97	0.91	0.80	0.81	0.48	0.77	0.65
SPI-24	-0.28	-0.27	-0.08	0.11	0.31	0.30	0.19	0.14	0.08	-0.13	-0.45	-0.57
2017												
Ano												
Mes	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12
Chuvia (mm)	59	183	120	18	119	41	16	25	22	35	84	229
SPI-6	-2.00	-1.31	-1.20	-1.24	-1.16	-0.79	-0.35	-1.00	-1.66	-1.79	-2.45	-1.22
SPI-12	-0.49	-0.76	-0.92	-1.57	-1.67	-1.68	-1.58	-1.58	-1.88	-2.01	-2.35	-1.72
SPI-24	-0.82	-0.59	-0.40	-0.62	-0.47	-0.39	-0.39	-0.49	-0.69	-1.08	-0.97	-0.66
2018												
Ano												
Mes	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12
Chuvia (mm)	157	137	343	150	42	101	40	14	20	110	263	127
SPI-6	-0.96	-0.78	0.28	0.79	0.92	1.10	1.50	1.91	-0.28	-1.05	0.32	-0.22
SPI-12	-1.13	-1.16	-0.28	0.15	-0.11	0.09	0.17	0.13	0.12	0.38	0.96	0.72
SPI-24	-1.15	-1.43	-0.96	-1.05	-1.33	-1.16	-1.05	-1.08	-1.32	-1.17	-0.8	-0.6

Táboa 17: Valores de chuvia, SPI-6, SPI-12 e SPI-24 dos últimos 5 anos.





Nas figuras 12 á 14 pode verse a evolución dos índices SPI-6, SPI-12 e SPI-24 dende 1961.




Figura 12: Evolución do índice SPI-6 dende 1961.




Figura 13: Evolución do índice SPI-12 dende 1961.




Figura 14: Evolución do índice SPI-24 dende 1961.



**MeteoGalicia**  
**Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático**  
**Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**  
**Xunta de Galicia**